

Rachar co pacto social, loitar polo noso futuro

ISCA! :: 02/04/2015

Queremos soberanía para decidir o noso futuro e xerir os nosos recursos, demostrando que existe unha alternativa á desigualdade social: o socialismo.

A Galiza é hoxe moito máis pobre e vella que antes de o PP tomar o poder. **As escandalosas cifras de paro súmase un premeditado ataque aos dereitos laborais**, que en forma de reforma laboral e recortes de corte neoliberal, precariza o emprego e limita as axudas sociais. Aínda máis, pois acentúa o secular fenómeno emigratorio do país, producindo un sangrado constante na sociedade galega.

A emigración é un factor preocupante de por si para calquera país, pero se ademais analizamos o perfil desta masa migratoria, a preocupación só pode aumentar, xa que se trata dunha emigración con **risco de permanencia**. As voces expertas en demografía sinalan que boa parte da mocidade que marcha do noso país ten poucas posibilidades de volver. Dunha banda, marchar a idades temperás favorece asentarse noutros lugares e tecer vínculos que freen o regreso. Doutra, estamos vendo como cada vez hai menos posibilidades de retornar ou de ficar, xa que **un país cada vez máis empobrecido coma o noso ofrece cada vez menos posibilidades de futuro**.

Debemos denunciar esta situación, xa que ademais do dereito a traballarmos na nosa terra en condicións dignas, hai que sumar as consecuencias irreversíbeis que terá o éxodo xuvenil masivo se non lle pomos freo.

Para nós, a mocidade galega, primeiro o goberno do PSOE e agora do PP están a lanzar un ataque sen precedentes e perfectamente planificado para nos **empobrecer e precarizar**, obrigándonos a coller a maleta. A meirande parte destas políticas destrutivas veñen ordenadas desde Europa e España por tanto, a mocidade rebelde representada en Isca! acreditamos en que para mudar a situación é imprescindible o dereito de autodeterminación como vía para conquistar a independencia; é para nós unha reivindicación fundamental para decidir o noso futuro, para escoller sobre a nosa economía e que a clase traballadora sexa quen arbitre o seu destino, sen subordinacións aos poderes financeiros. **Queremos soberanía para decidir o noso futuro e xerir os nosos recursos, pondoos ao servizo das clases populares e demostrando que existe unha alternativa á desigualdade social: o socialismo.**

Perante o **éxodo xuvenil e o aumento do desemprego**, debemos responder radicalmente e deixar claro que non nos van botar fóra tan doadamente. Abundan razóns para nos rebelar. Lanzamos esta nova **campana nacional, que se desenvolverá até o 1º de Maio en diferentes puntos do país, acreditando na loita anticapitalista e popular** como a única capaz de derrubar un sistema inxusto e a necesidade de artellar unha resposta diante do estado de agresión permanente á mocidade **coa organización, a mobilización, e a rebelión!** Desde o espazo ideolóxico soberanista do que facemos parte son moitas as loitas políticas, sindicais, estudantís e xuvenís na que son precisas máis mans para tecer esas alternativas.

Rachar co pacto social, loitar polo noso futuro!

<https://galiza.lahaine.org/rachar-co-pacto-social-loitar>